

MOCIÓN RELATIVA A MELLORAR A COMUNICACIÓN COS VECIÑOS DE CARANZA POR MOR DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DAS PÍAS

Os Grupos Municipais do Partido Popular e FeC, ao amparo do establecido no artigo 104 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol e dos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A falta de planificación das obras na avenida das Pías está ocasionando graves problemas de mobilidade e prexuízos aos veciños de Caranza. Todos sabemos que calquera obra xera molestias pero os veciños estanse vendo prexudicados constantemente debido á falta de planificación dunha importante actuación como é a avenida de As Pías.

Non entendemos o motivo polo que o goberno de Mato négase a pór en marcha unha comisión de seguimento que solicitou xa no seu día a AVV de Caranza co obxectivo de poder estar informados sobre como se están a desenrolar as obras, cales son os problemas que van xurdindo e as solucións aos mesmos, un exemplo máis da falta de transparencia e de diálogo deste goberno que non escoita as demandas dos veciños. Así atopáñse que dun día para outro péchanse rúas ou as vías de principal acceso ao barrio de Caranza, como vén de acontecer co peche da zona coñecida como “scalextri” para acceder ao Bertón debido ao inicio da demolición dunha parte da ponte na zona do Marqués de Santa Cruz.

O máis grave xa non é que non se informe aos veciños dunha nova restrición, senón que non se lles ofrezca alternativa algunha para poder acceder a outro barrio e ao seu. A isto súmase o parón das obras, nesta zona, e durante case tres meses tamén na rúa Nova de Caranza- que vén de reabrir pero con restricións aos peóns.

Unha obra de casi 10 millones de euros de inversión e que supón unha importante transformación urbana que redundará na calidade de vida dos veciños de Caranza, Bertón, Ultramar e Recimil debe implicar tamén unha responsabilidade directa das administracións implicadas. As cidades son para as persoas, por iso hai que escoitalas e ofrecer solucións aos seus problemas sexa cal sexa a administración implicada e non permitir que as obras estean paradas meses ou que se corten vías dun día para outro sen dar alternativas para transitar os peóns e vehículos.

E, por todo elo, os Grupos Municipais do Partido Popular e FeC presentan esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1º.-O Pleno da Corporación insta ao Goberno municipal a crear unha comisión de seguimento das obras de humanización da avenida das Pías, na que participen as administracións implicadas, os grupos municipais e as entidades veciñais afectadas con fin de informar en todo momento sobre a evolución destas obras.

Ferrol, a 17 de febreiro de 2023



José Manuel Rey Varela

Voceiro Grupo Municipal Popular



Jorge Suárez Fernández

Voceiro Grupo Municipal Ferrol en Común

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FERROL